

<http://morrazotribuna.blogspot.com/2013/08/la-exposicion-sobre-el-gran-escultor.html>

La exposición sobre el gran escultor cangués Xoán Piñeiro llega hasta A Guarda

EUGENIO EIROA FRANCO agosto 30, 2013

MORRAZO TRIBUNA | Cangas / A Guarda |

‘Xoán Piñeiro. Taller e artista’, que conta co apoio económico da Consellería de Cultura e Educación, fai un percorrido polas pezas máis persoais do autor, na súa maioría pertencentes á colección familiar e non están expostas nos museos. Trátase de obras de diferentes etapas, realizadas con distintos materiais e empregando varias técnicas; pero nas que se pode captar a esencia da escultura de Piñeiro e os elementos recorrentes na súa obra. A mostra permite ademais coñecer o proceso desde o bosquejo inicial de Piñeiro ata a fundición final da peza escultórica, amosando debuxos do autor, moldes e positivos en xeso das pezas, configurando unha representación do taller do artista.

A mostra foi comisariada pola filla de Xoán Piñeiro, Cuqui Piñeiro, herdeira do seu legado e responsable da súa difusión a través da Fundación Arte Bronce, situada no que fora taller do escultor. A exposición, a primeira de escultura que acolle a Casa dos Alonso, poderá visitarse ata o 1 de setembro, de martes a sábado de 11 a 14 horas e de 20 a 22 horas; e os domingos de 11 a 14 horas.

O autor

Xoán Piñeiro (Hío, 1920 - O Porriño, 1980) iniciou os seus estudos artísticos na Escola de Artes e Oficios de Vigo, formación que completou na Escuela-Taller de Talla e Imajería (Santander), na Escuela de Artes y Oficios de Vallecas e na Facultade de Belas Artes de San Fernando, así como, posteriormente, en Francia e Italia. Desde o establecemento do seu primeiro taller en Madrid no ano

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, visitou hoxe a mostra ‘Xoán Piñeiro. Taller e artista’, unha oportunidade única para coñecer a obra nunca exposta do escultor pontevedrés. Durante o seu percorrido pola exposición –que alberga a Casa dos Alonsos, da Guarda, ata o vindeiro 1 de setembro– o conselleiro estivo acompañado polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo.

1950, Xoán Piñeiro participou en numerosas mostras a nivel nacional e mesmo na I Bienal de Vila Nova de Cerveira (1979). En 1965 estableceu o seu taller definitivo en Goián (Tomiño, Pontevedra). A súa obra está presente en centros dependentes da Consellería de Cultura e Educación como o Museo Massó (Bueu) e o Museo de Belas Artes da Coruña, así como no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela), no Museo Municipal Quiñones de León (Vigo), no Museo Municipal

Bello Piñeiro (Ferrol), nos provinciais de Pontevedra e de Lugo e no Museo Nacional de Guinea Ecuatorial, entre outros.

Share this post

Related posts